

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de novembro de 2025**

Ás 16.34 horas do día 19 de novembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Plácido Álvarez Dobaño, que é substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2025 (EXP. Nº 2025/55V/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de outubro de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 22 de outubro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2025 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS (EXP. Nº 2025/23341S).-

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro, que se realizará o día 19 de decembro de 2025, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar o día 11 (xoves), coa mesma orde e horario que todos os meses.

3.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A VULNERACIÓN DO PACTO ANTITRANSFUGUISMO ADMITIDA PUBLICAMENTE POLO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN NO CASO DA MOCIÓN DE CENSURA NO CONCELLO DE MANZANEDA (EXP. Nº 2025/24383E).-

D. Álvaro Vira Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

O Partido Popular de Ourense rexistrou o 15 de outubro de 2025 unha moción de censura contra o alcalde de Manzaneda, Amable Fernández Basalo, do PSdeG-PSOE, sustentada no apoio de dous concelleiros que abandonaron o grupo socialista: Miguel Domínguez Hervella e José Antonio Núñez Estévez. Ambos edís abandonaron o grupo socialista en

xullo de 2025 e pasaron ao grupo de non adscritos despois de se presentar nas listas do PSdeG-PSOE ás eleccións municipais do 28 de maio de 2023, nas que esta formación obtivo clara maioría absoluta con cinco concelleiros fronte aos dous do PP. A moción de censura, prevista para o 29 de outubro de 2025, foi paralizada pola xustiza mediante un auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense, que aprecia posibles causas de nulidade ao detectar que dous dos catro concelleiros asinantes non compareceron de xeito presencial diante do secretario municipal para autenticar as súas sinaturas, como esixe a lexislación vixente.

O Pacto pola Estabilidade Institucional e Loita contra o Transfuguismo Político, asinado polo PP e outras forzas políticas desde 1998 e actualizado nas adendas de 2000, 2006 e 2020, establece de xeito claro que son "tránsfugas" os representantes locais que, tendo traizoado ao suxeito político que os presentou ás correspondentes eleccións, "abandonaron" ou "foron expulsados" do mesmo. O Acordo Segundo do Pacto é categórico: os partidos comprométese expresamente a "rexeitar e non admitir" no seu grupo a concelleiros integrados na candidatura doutro partido durante os comicios. Esta prohibición non admite excepcións nin xustificacións baseadas en supostas deficiencias na xestión do partido do que provén o tránsfuga. O Pacto tampouco distingue entre "buscar activamente" ou "recibir pasivamente" o apoio, proscribindo absolutamente admitir ese apoio para cambiar as maiorías dos gobernos municipais.

A gravidade dos feitos acentúase coas declaracións do presidente do PP provincial na Cadena SER o 6 de novembro de 2025. Preguntado sobre a moción de censura en Manzaneda, Luís Menor afirmou: "[...] nós non fomos buscando a ninguén. O problema tívoo o Partido Socialista. Primeiro porque os concelleiros que firman agora a moción non aprobaron ou non votaron a favor dos orzamentos [...] Segundo aviso: marcháronse para o Grupo Mixto, onde botaron meses e meses. Nós non os fomos a buscar. E non fixeron nada para arranxar desde o Partido Socialista a situación. E terceiro, diante desa falta de maioría [...]cando nos viñeron a ofrecer a alcaldía para desbloquear o Concello, pois nós evidentemente aceptámola. Pero nós non fomos buscar, e moito menos comprar [...] temos a responsabilidade diante do pobo de que se hai unha maioría alternativa que se conforma arredor dun candidato noso, pois aceptámola, evidentemente."

Estas verbas constitúen unha confesión pública da vulneración do Pacto. Menor recoñece que o PP acepta "evidentemente", contravindo o compromiso de "rexeitar e non admitir" tránsfugas. Intenta xustificar esta decisión culpabilizando ao PSOE e afirmando unha posición pasiva, coma se fose unha eximente. Mais o Pacto veta categoricamente admitir o

apoio de concelleiros que abandonaron o suxeito político que os presentou ás eleccións, con independencia de quen inicie os contactos. A contradición acada o seu paroxismo cando o candidato conservador á alcaldía de Manzaneda, Pedro Yáñez, declara a La Voz de Galicia, o 18 de outubro de 2025, que "conversamos e chegamos a un acordo. Foi unha decisión de todos", confirmando a existencia de contactos e negociacións previas. Yáñez recoñece que "sen o apoio do PP non faríamos a moción de censura", evidenciando que a operación foi coordinada e aprobada pola dirección provincial dos populares.

A situación reviste especial severidade cando quen recoñece e lexítima publicamente esta práctica é o presidente da Deputación de Ourense, quen debe velar polo respecto aos principios fundamentais da representación popular nos concellos. O transfuguismo constitúe unha das formas máis lesivas de corrupción institucional ao desvirtuar a vontade cidadá expresada nas urnas. A inconsistencia é aínda máis evidente se temos en conta que o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou por unanimidade o 29 de xaneiro de 2021, co voto favorable do PP, a adhesión ao Pacto Antitransfuguismo e á Declaración Institucional da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) do 16 de decembro de 2020, que reforza as medidas contra o transfuguismo nas entidades locais. O caso de Manzaneda evidencia unha contradición flagrante entre os compromisos subscritos e a actuación política efectiva do PP de Ourense.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:***

PRIMEIRA.- *Declarar que a moción de censura rexistrada no Concello de Manzaneda constitúe un suposto inequívoco de transfuguismo segundo o Pacto pola Estabilidade Institucional, ao sustentarse no apoio de dous concelleiros que abandonaron o grupo socialista tras presentarse nas listas do PSdeG-PSOE ás eleccións do 28 de maio de 2023; ratificar o apoio desta cámara ao devandito Pacto, ao que esta mesma Deputación se adheriu por unanimidade o 29 de xaneiro de 2021, e manifestar o rexeitamento a estas prácticas que desvirtúan a vontade popular expresada nas urnas.*

SEGUNDA. *Instar á Comisión de Seguimento do Pacto pola Estabilidade Institucional, ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública e á FEMP a pronunciarse sobre o caso de Manzaneda, para que avalíen se as prácticas admitidas publicamente polo presidente provincial do PP constitúen unha vulneración dos compromisos subscritos e que adopten as medidas correctoras que correspondan. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e ao Concello de Manzaneda.*

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que esta situación é unha mostra máis da escasa validez que teñen os pactos entre forzas políticas, e desde que o Tribunal Constitucional abriu á veda anulando o parágrafo da lei que incrementaba o número de sinaturas e de votos necesarios para unha moción de censura nos casos de corporativos que estivesen no grupo municipal da alcaldía, este tipo de operacións estanse a dar no noso país. Engade que este tipo de operacións non lle parecen nin elegantes nin éticas, pero que en todo caso reserva o voto do seu grupo para o Pleno.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, manifesta a reserva do seu grupo para o Pleno.

O **presidente** intervén para manifestar que igualmente, e posto que a moción fai alusións persoais cara a el, reserva a contestación destas para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de Democracia Ourenzana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar que a moción de censura rexistrada no Concello de Manzaneda constitúe un suposto inequívoco de transfuguismo segundo o Pacto pola Estabilidade Institucional, ao sustentarse no apoio de dous concelleiros que abandonaron o grupo socialista tras presentarse nas listas do PSdeG-PSOE ás eleccións do 28 de maio de 2023; ratificar o apoio desta cámara ao devandito Pacto, ao que esta mesma Deputación se adheriu por unanimidade o 29 de xaneiro de 2021, e manifestar o rexeitamento a estas prácticas que desvirtúan a vontade popular expresada nas urnas.

SEGUNDO. Instar á Comisión de Seguimento do Pacto pola Estabilidade Institucional, ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública e á FEMP a pronunciarse sobre o caso de Manzaneda, para que avalíen se as prácticas admitidas publicamente polo presidente provincial do PP constitúen unha vulneración dos compromisos subscritos e que adopten as medidas correctoras que correspondan. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e ao Concello de Manzaneda.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 16.40 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

